

PROGRAMAS DE AXUDAS ÁS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOVAS [2026]

PROGRAMA I. PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

Axudas para persoas desempregadas que inicien a súa actividade como traballadoras autónomas por conta propia en Galicia, para facer fronte aos gastos xerados no comezo da súa actividade laboral



Liña 1

Axuda para o **inicio da actividade económica e mantemento do emprego** como persoa traballadora autónoma.

Liña 2

Axuda **equivalente a 12 ou 24* meses da cota reducida á Seguridade Social** por continxencias comúns e profesionais.

* 24 meses para novas persoas autónomas en Galicia dos sectores agrícola, gandeiro e silvícola



Persoas beneficiarias

Altas entre
1/10/2025 e
30/09/2026

- » Persoas inscritas como demandantes de emprego desempregadas no Servizo Público de Emprego que **carezan de ocupación efectiva** segundo informe de Vida Laboral, e manteñan esa situación **ata o momento en que se produza a alta no RETA**, en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou, no seu caso, na mutualidade correspondente.
- » Persoas traballadoras autónomas ou por conta propia **que formen parte de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades** sen personalidade xurídica **de nova creación** e constituída previamente á data de solicitude desta subvención, sempre que as soliciten **a título persoal**.



Requisitos das persoas beneficiarias

Requisitos comúns para todas as persoas beneficiarias

- » Desenvolver a **actividade empresarial ou profesional en Galicia**, o que supón **ter o domicilio fiscal e o centro de traballo** en Galicia no momento da solicitude da axuda.
- » Atoparse de **alta no IAE**.

Requisitos adicionais para as persoas beneficiarias da liña 1

- » Ser **titular ou cotitular** do negocio ou explotación, **ter iniciada a actividade con anterioridade á presentación** da solicitude da subvención, e non ter **ningunha alta inicial anterior** como persoa **traballadora autónoma nos cinco anos** inmediatamente anteriores á data de publicación da convocatoria (salvo que fose como persoa autónoma colaboradora).

Requisitos adicionais para as persoas beneficiarias da liña 2

- » Ser persoa autónoma beneficiaria da cota reducida regulada no apartado 1 do artigo 38 ter da Lei 20/2007, de 11 de xullo **no momento de presentación da solicitude**.
- » Ter iniciada a actividade **con anterioridade á presentación da solicitude** da subvención.
- » No seu caso, ter alta nun CNAE correspondente ao **sector agrícola (01), gandeiro (01) ou silvícola (02)**, no caso da solicitar a axuda prevista de 12 meses adicionais (ata un total de 24 meses).



Máis información



oficinadoautonomo.gal



012

PROGRAMAS DE AXUDAS ÁS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOAS [2026]

PROGRAMA I. PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO



Intensidade da axuda

Axudas da liña 1

Liña 1 e liña 2 compatibles

Contía base
(non acumulables)

2.000 €

→ Persoas desempregadas en xeral

ou

4.000 €

→ Persoas menores de 30 anos
→ Persoas maiores de 52 anos
→ Persoas desempregadas de longa duración
→ Persoas con discapacidade ou en situación de dependencia
→ Persoas en situación ou risco de exclusión social
→ Persoas emigrantes retornadas
→ Persoas estranxeiras

+

Incremento
(acumulables entre si)

+ 15 %

da contía base

→ Muller
→ Centro de traballo nun concello rural
→ Persoas maiores de 45 anos**
→ Persoa trans
→ Profesións e oficios nos que a muller estea subrepresentada

Contía máxima liña 1: 7.000 €

** Incremento non aplicable ás persoas maiores de 52 anos

Axudas da liña 2

Axuda equivalente á contía da cota mensual reducida sufragada pola persoa beneficiaria.

Caso xeral

Multiplicada por
12 meses

960 €

CNAE agrícola, gandeiro ou silvícola

Multiplicada por
24 meses

1.920 €

CNAE agrícola, gandeiro ou silvícola con pluriactividade

Multiplicada por
12 meses

960 €



Principais obrigas das persoas beneficiarias

- » Manter rexistros contables independentes ou códigos de contabilidade apropiados para seguir a pista de auditoría suficiente.
- » Manter a alta no RETA, réxime especial ou mutualidade durante un mínimo de 24 meses ininterrompidos para a liña 1, e de 12 ou 24 meses segundo corresponda para a liña 2.
- » Manter a forma xurídica elixida, así como o centro de traballo e o domicilio fiscal en Galicia, durante un mínimo de 12 meses.
- » Conservar os documentos xustificativos relacionados coa axuda do FSE+ Galicia 2021-2027.
- » Cumprir coas medidas de visibilidade, transparencia e comunicación nos espazos nos que se desenvolvan as actuacións.

Acceso á ficha da sede electrónica



[Pulsa ou escanea]



Máis información



oficinadoautonomo.gal



012